



NOTA DE PRENSA | 22 de xullo do 2020

A Rede Galega no Reino Unido celebra unha romaría en liña desde Londres para festexar o Día da Matria

- No evento participarán, entre outros, **Ugía Pedreira, Bieito Romero, Xabier Díaz, Carlos Núñez, Belém Tajés, a familia Seivane, Touriñán, Zeltia e Dequenvessendo**
- A retransmisión será este sábado, 25 de xullo, a partir das 19 horas, na páxina de Facebook de REGA-UK

A asociación Rede Galega en UK (REGA-UK), con sede en Londres, vai celebrar este sábado, 25 de xullo, unha 'Romaría *online*' para celebrar o Día da Matria. Por mor da pandemia do coronavirus, a organización substitúe este ano a súa tradicional romaría en Hyde Park por un evento en liña no que participarán artistas de distintos puntos xeográficos. A partir das 7 da tarde, hora galega, a páxina de Facebook de REGA-UK (www.facebook.com/REGAUK/live) será un punto de encontro para a cultura galega que se artella na terra e fóra dela, tecendo redes entre artistas de Galicia, Londres e Arxentina.

Durante a romaría vanse alternar actuacións musicais con intervencións de actores e poetas e mais con saúdos de numerosos artistas. Polo de agora xa está confirmada a participación de músicos como **Bieito Romero, Carlos Núñez, Belém Tajés, Xabier Díaz, a familia Seivane, Zeltia, os irmáns Carlos e Fran Barcia, Dequenvessendo, David Carril e Son da Illa**. O programa completárase coas colaboracións dos actores **Touriñán e Diego Freire** e do poeta **Enrique Gavilanes**.

Ademais, durante o evento vanse presentar en exclusiva dous novos temas musicais. Por unha banda, o último *single* de **Ugía Pedreira**, que, acompañada de **Pier El Gabacho**, vai musicar un poema de **Enrique Gavilanes**. Por outra banda, será tamén a presentación oficial do novo tema do gaiteiro **Alberto López**, membro do grupo Sete Netos de Bos Aires.

LIGAZÓN ROMARÍA ONLINE: <https://www.facebook.com/REGAUK/live/>

MÁIS INFORMACIÓN: [Web](#) | [Facebook](#) | [Twitter](#) | [YouTube](#)

REGA-UK
REDE GALEGA NO REINO UNIDO

CONTACTO DE PRENSA
David Carril
redegalegauk@gmail.com
+44 (0) 7492422189
